



CORONAVIRUS

NOTA INFORMATIVA SOBRE SANIDADE MORTUORIA CON MOTIVO DA ALERTA SANITARIA POR COVID-19.

12/05/2020

1. LICENZAS DE ENTERRAMENTO

A [Orden SND/272/2020, de 21 de marzo](#), establece que para todos os falecementos que se produzan en España durante a vixencia do estado de alarma, independentemente da súa causa (fóra dos falecementos nos que houbera indicios de morte violenta, nese caso estarase ao criterio da autoridade xudicial correspondente), a inscrición no Rexistro Civil e a posterior expedición da licenza de enterramento poderán realizarse pola autoridade competente sen que teñan que transcorrer polo menos vinte e catro horas desde o falecemento.

2. PRACTICAS DE TANATOPRAXIA

Está suspendida a realización das actividades de tanatopraxia (tanto de embalsamamento como de conservación transitoria) así como as de tanatoestética, en todos os cadáveres, con independencia de cal sexa a causa do falecemento, permitindo unicamente como técnica de conservación a refrixeración do cadáver ata a súa condución a destino final.

3. ACONDICIONAMIENTO DE CADÁVERES

O acondicionamento dos cadáveres durante a vixencia do estado de alarma, independentemente da causa do falecemento, realizarase por algún dos seguintes procedementos:

a) Segundo o disposto no [protocolo establecido polo Ministerio de Sanidade](#), empregando unha bolsa sanitaria estanca autorizada para tal fin, a cal se deberá pulverizar con desinfectante de uso hospitalario ou cunha solución de hipoclorito sódico que conteña 5.000 ppm de cloro activo (dilución 1:10 dunha lixivia con concentración 40-50 g/litro preparada recentemente).

b) No caso de non dispor de bolsa sanitaria estanca, empregarase un dobre sudario de plástico que garanta a manipulación e condución dos cadáveres de maneira segura, ou unha bolsa impermeable específica para ese fin. Igualmente, deberase pulverizar con desinfectante de uso hospitalario ou cunha solución de hipoclorito sódico que conteña 5.000 ppm de cloro activo



CORONAVIRUS

(dilución 1:10 de una lixivia con concentración 40-50 g/litro preparada recentemente).

En ambos casos, unha vez introducido o cadáver no féretro deberase volver pulverizar segundo o procedemento indicado anteriormente.

4. ACTUACIÓNS SOBRE O CADÁVER POR MOTIVOS RELIXIOSOS

Con independencia de cal sexa a causa do falecemento, non se poderán realizar intervencións por motivos relixiosos que impliquen procedementos invasivos no cadáver.

5. VELA DE CADÁVERES

Os velorios poderán realizarse en todo tipo de instalacións, públicas ou privadas, cun límite máximo en cada momento de quince persoas en espazos ao aire libre ou dez persoas en espazos pechados, sexan ou non conviventes.

En todo caso, deberán respectarse as medidas de seguridade e hixiene establecidas polas autoridades sanitarias para a prevención do COVID-19, relativas ao mantemento dunha distancia mínima de seguridade de dous metros, hixiene de mans e etiqueta respiratoria

No caso de falecidos polo COVID-19 no seu domicilio, aplicaranse as recomendación recollidas no protocolo de [Manejo domiciliario del COVID-19](#), procedendo a darlle o destino final ao cadáver á maior brevidade posible.

6. CERIMONIAS CIVIS E DE CULTO RELIXIOSO

Segundo o recollido na [Orden SND/298/2020, de 29 de marzo](#), a celebración de cultos relixiosos fúnebres ou cerimonias civís fúnebres quedan pospostas ata a finalización do estado de alarma.



CORONAVIRUS

7. COMITIVAS DE ACOMPAÑAMENTO

A participación na comitiva para o enterramento ou despedida para cremación da persoa falecida restrínxese a un máximo de quince persoas entre familiares e achegados, ademais de, no seu caso, do ministro de culto ou persoa asimilada da confesión respectiva para a práctica dos ritos funerarios de despedida do defunto. En todo caso, deberase respectar sempre a distancia mínima de dous metros entre eles.

8. SERVIZOS DE CAFETERIA E RESTAURACIÓN DE ESTABLECEMENTOS FUNERARIOS

O servizo de cafetería e/ou restauración asociado a este tipo de establecementos debe cumprir coas restricións de carácter xeral establecidas para a hostelería e restauración.

9. INHUMACIÓN E INCINERACIÓN DE CADÁVERES

Segundo o establecido na [Orde SND/272/2020, do 21 de marzo](#), poderase proceder ao enterramento, incineración ou doazón á ciencia do cadáver sen ter que esperar a que se cumpran vinte e catro horas desde o falecemento, a condición de que este feito non sexa contrario á vontade do defunto ou á dos seus herdeiros.

10. CONDICIÓN DE CONTRATACIÓN DE SERVIZOS FUNERARIOS

Durante o período de vixencia do estado de alarma, os prezos dos servizos funerarios non poderán ser superiores aos prezos vixentes con anterioridade ao 14 de marzo de 2020.

No caso de servizos xa abonados a prezos superiores aos establecidos con anterioridade ao 14 de marzo de 2020, a empresa deberá iniciar de oficio a devolución da diferenza, deixando constancia das actuacións realizadas para ese efecto no caso de que non poida levar a cabo. Neste caso, o usuario dispoñerá de seis meses desde a data de finalización do estado de alarma para solicitar o correspondente reembolso.

As empresas de servizos funerarios deberán facilitar ao usuario, con carácter previo á contratación do servizo, un orzamento desagregado por cada un dos conceptos incluídos no mesmo e a lista de prezos vixente con anterioridade ao 14 de marzo de 2020, aínda no caso de que resulte necesario realizar





CORONAVIRUS

actuacións específicas como consecuencia dos falecementos producidos por causa do COVID-19.

Respecto dos servizos ou produtos contratados que non poidan ser gozados ou entregados ao usuario debido ás medidas implementadas en virtude do Real Decreto 463/2020 e as súas normativas de desenvolvemento, devolverase ao consumidor ou usuario os importes xa abonados correspondentes aos devanditos servizos ou produtos.

O incumprimento de calquera das obrigacións establecidas neste apartado terá a consideración de infracción para os efectos do disposto no Real Decreto Legislativo 1/2007, do 16 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral para a Defensa dos Consumidores e Usuarios e outras leis complementarias.

11. EXTRACCIÓN DE MARCAPASOS

Deberase avisar á funeraria no caso de que o paciente sexa portador de estimuladores cardíacos (marcapasos) ou outros aparellos a pilas.

Tendo en conta a recomendación de limitar ao mínimo imprescindible a manipulación do cadáver dun falecido por COVID-19, durante o tempo que estea en vixencia o estado de alarma sanitaria, só se recomenda a extracción de marcapasos ou outros aparellos a pilas no caso de que o cadáver vaia ser incinerado.

Para elo deberán adoptarse as medidas de protección dos traballadores recomendadas no [Procedimiento de actuación para los servicios de prevención de riesgos laborales frente a la exposición al SARS-CoV-2](#).

12. PRESENTACIÓN CADÁVERES

Os cadáveres de persoas falecidas por causa distinta do COVID-19, e as das regulamentariamente permitidas, que por motivo das restricións sanitarias derivadas da xestión da pandemia non puideran recibir unha despedida por parte dos familiares, poderán ser presentados aos familiares mais achegados nas instalacións dun velatorio ou tanatorio, polo tempo imprescindible para a súa despedida.



CORONAVIRUS

13. HABILITACIÓN A MEMBROS DAS FORZAS ARMADAS PARA A CONDUCCIÓN E TRASLADO DE CADÁVERES.

A [Orden SND/296/2020, de 27 de marzo](#), habilita aos membros das Forzas Armadas que formen parte do operativo dirixido ao cumprimento das medidas previstas no estado de alarma, para a condución e traslado de cadáveres, a pedimento das autoridades competentes, que ou comunicarán ao Centro de Coordinación do Ministerio de Defensa, constituído baixo a autoridade do Xefe de Estado Maior da Defensa.

14. MEDIDAS DE PROTECCIÓN DO PERSOAL DA EMPRESA FUNERARIA

As actuacións extrahospitalarias sobre o cadáver limitaranse ao mínimo imprescindible. Deben ser realizadas por persoal da funeraria que debe estar informado de que se trata dun cadáver dunha persoa falecida por COVID-19.

O Servizo de Prevención de Riscos Laborais da empresa funeraria, acorde co resultado da avaliación de riscos de exposición dos traballadores establecerá as medidas de protección necesarias para a recepción, desinfección, transporte do féretro e, de ser o caso, a extracción de marcapasos ou similares, así como o procedemento a seguir no caso de calquera incidencia ou accidente. Ver [Procedimiento de actuación para los servicios de prevención de riesgos laborales frente a la exposición al SARS-CoV-2](#).

As persoas que realicen estas actuacións deberán aplicar as medidas contempladas no [“Procedimiento de actuación frente a casos de infección por el nuevo coronavirus \(SARS-CoV-2\)”](#).

15. CINZAS DA INCINERACIÓN DE CADÁVERES POLO COVID-19

As cinzas da incineración dun cadáver dun falecido polo COVID-19 poden ser obxecto de manipulación sen que supoñan ningún risco sanitario.

16. XESTIÓN DE RESIDUOS

A xestión dos residuos que se poidan producir na prestación dos servizos funerarios levará a cabo tal e como se indica no [“Procedemento de actuación fronte a casos de infección polo novo coronavirus \(SARS- CoV-2\)”](#), sendo a empresa funeraria a responsable da adecuada xestión dos mesmos.



CORONAVIRUS

17. TRASLADOS AO EXTRANXEIRO

O traslado internacional do cadáver dunha persoa falecida por COVID19 debe realizarse seguindo o establecido na lexislación vixente, de modo análogo ao traslado internacional do resto de falecidos por calquera outra causa.

Un dos requisitos da nosa lexislación nesta materia, é o embalsamamento ou a conservación transitoria dos cadáveres, tanto para a entrada como para a saída do territorio nacional, coa condición da entrada de cadáveres que proceden de países asinantes dos Acordos de Estrasburgo e Berlín se o país de orixe non o esixe.

Nestes casos, dáse por bo o Salvoconduto Mortuorio que lle acompaña e débese autorizar a entrada sen impedimentos, con independencia de se o cadáver foi ou non embalsamado. Para autorizar a saída e a entrada de cadáveres procedentes ou con destino a países non asinantes dos Acordos de Estrasburgo e Berlín, esíxese como regra xeral, o embalsamamento ou a conservación transitoria do cadáver.

A pesar de que non se recomenda a aplicación de técnicas de tanatopraxia nos cadáveres de persoas falecidas por COVID19, para os traslados internacionais por vía terrestre, marítima e aérea poderanse realizar técnicas de conservación transitoria que non impliquen a manipulación do cadáver.

O traslado internacional de cinzas, non está suxeito a regulamentación sanitaria

18. VIXENCIA DAS MEDIDAS

Todas estas medidas serán de aplicación durante a vixencia do estado de alarma declarado por Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, e as súas posibles prórrogas.

As recomendacións incluídas nesta nota informativa están en continua revisión e poden ser modificadas se a situación epidemiolóxica así o requirise.

Para dispoñer dunha información actualizada recomendase validar as referencias no enlace da páxina web da Consellería de Sanidade.

<https://coronavirus.sergas.gal/Contidos/Sanidade-Ambiental>